



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA TRINTA DE XANEIRO DO ANO DOUS MIL DEZ.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as doce horas do día trinta de xaneiro do ano dous mil dez, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León.

D. Fernando Rodríguez Broullón.

Dna. Rosa Nora González.(Concelleira que toma posesión do cargo neste Pleno)

Dna. María del Carmen Yáñez Salgado.

Dna. María Belén González González.

D. Jesús Deibe Fernández Simo.

D. Cayetano Carballo Suárez.

Non asisten os concelleiros D. Antonio Estévez González, D. Benito Vázquez Vázquez e D. Francisco Veloso González.

Actúa como Secretaria, o Secretaria da Corporación, D^a. Laura Fernandez Permuy.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DO ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTESEIS DE SETEMBRO DO ANO DOUS MIL NOVE.

Téndose remitido ós Sres./as. Concelleiros/as acta da sesión plenaria celebrada en data vinteito de novembro de dos mil nove, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que queren matizar no punto sétimo, primeira pregunta, na resposta do Sr. Paz León respondeu que había 125 cadeiras e que se descoñece se as que faltan se trasladaron ou non. Ademais queren matizar que na pregunta terceira dese punto sétimo que cando respondeu o Sr Vázquez Vázquez ademais de indicar que a resposta fora incompleta hai que engadir que se solicitou un novo informe no que se indicara a duración dos contratos, o salario, o tipo de contrato e as funcións, continúan decindo que ademais desta modificación, solicitan por tanto un informe con estes datos dos traballadores daquel momento e dos de agora.

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vinteito de novembro de dous mil nove, resultou aprobada coas observacións indicadas, por maioría absoluta dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (seis votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as D. Francisco Veloso González, D. Benito Vázquez Vázquez e D. Antonio Estévez González (por inasistencia) (tres abstencións)

PUNTO SEGUNDO:TOMA DE POSESION DUNHA CONCELEIRA

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que en cumprimento do preceptuado no punto 5 do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigos 30 a 32 do ROF a concelleira electa formulou e presentou no Rexistro de Entrada deste Concello a declaración de causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos e declaración sobre os bens patrimoniais e que as citadas declaracións aparecen asinadas polos interesados e pola Secretaria da Corporación na súa función fedataria, polo que a súa sinatura non fai referencia á veracidade do declarado por aqueles. A continuación, por parte da Sr. Alcalde dáse lectura ó preceptuado polo artigo 108.8 da LOREX, que sinala o seguinte *“En el momento de tomar posesión y para adquirir la plena condición de sus cargos, los candidatos electos deben jurar o prometer acatamiento a la Constitución, así como cumplimentar los demás requisitos previstos en las leyes o reglamentos respectivos”*. Indica que a fórmula está establecida polo Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, coincidindo coa facilitada a concelleira polo que se procede a chamar a proclamada electa para que individualmente formule o preceptivo xuramento ou promesa.

Despois da prestación de xuramento e promesa, o Sr Alcalde fai saber que toma formalmente posesión do seu cargo de concelleira.

PUNTO TERCEIRO : FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE: ADHESIÓN Ó CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

O Alcalde-Presidente, Sr. LAMELA Bautista, sinala que a proposta da Alcaldía (que se recolle a continuación) foi remitida xunto coa convocatoria do Pleno:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Vista a proposta do convenio para a creación dunha agrupación de municipios para a presentación ante o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local 2010 do proxecto denominado “ Xestión electrónica dun catálogo de procedementos administrativos básicos”, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º).- Aprobalo o convenio de colaboración para a constitución dunha agrupación de municipios para o desenvolvemento e execución, no marco do Real Decreto Lei 13/2009 de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local 2010, do proxecto da implantación do soporte software chamado “ Xestión electrónica dun catálogo de procedementos básicos” , ratificando a subscripción do devandito convenio efectuada pola Alcaldía na data 22 de xaneiro, de acordo o clausurado seguinte:

Sección 1.01. “ PRIMEIRA. O Abeiro da Disposición adicional 2ª do Real Decreto Lei 13/2009 do 26 de outubro, e co fin de presentar un proxecto conxunto para a súa financiación co cargo o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local, os concellos de S. Xoán de Río, Manzaneda, Lobeira, Lobios y Muíños acordan constituír unha agrupación de municipios, que se chamará Agrupación Ourense Este. Este proxecto conxunto, chamado “ Catálogo básico de procedementos administrativos de forma electrónica” polo orzamento total de 166.000,00 euros (IVE incluído), terá como obxectivo a contratación do subministro da instalación , en cada unha das devanditas entidades, do soporte software preciso para a tramitación telemática dos procedementos administrativos municipais básicos, nas materias que indícanse no anexo I do convenio. Nembargante , esta relación do anexo I ten carácter estritamente orientativo, tendo que concretarse no listado detallado de procedementos a contratar a través do prego de cláusulas que rexerá a contratación, previo informe favorable da Comisión de Seguimento prevista na cláusula 5ª.

SEGUNDA. Os Concellos adheridos o presente convenio acordan chamar como representante da agrupación ós efectos de presentación da solicitude, tramitación do pertinente expediente de contratación dá prestación descrita, xustificación do proxecto e demais obrigacións impostas polas normas reguladoras do fondo, o Concello de Verín.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Con tal fin, os municipios agrupados efectuarán a favor do representante dós pertinentes acordos da delegación para a contratación da presentación obxecto deste convenio, é todo isto sen prexuízo da asistencia e cooperación dós servizos técnicos da Deputación Provincial de Ourense, en canto podan ser demandados pola entidade representante de acordo a lexislación do réxime local vixente.

Os Concellos integrantes da agrupación, ademais, adoptarán os acordos previstos no artigo 12 do Real Decreto Lei 13/2009, do 26 de outubro, e os remitirán o Concello representante, ós efectos de que este poida cumprimentala solicitude de financiación do proxecto de inversión ante o Ministerio de Política Territorial.

TERCEIRA.- Para o cumprimento e bo fin do acordo formalizado mediante este convenio, e ós efectos previstos no parágrafo segundo do apartado 2 da D. Ad. 2ª do Real Decreto Lei 13/2009, de 26 de outubro, establécese a seguinte distribución por concello do custe do proxecto agrupado.

- Concello de S. Xoán de Río: 5.000,00 €
- Concello de Manzaneda: 9.500,00€
- Concello da A Pobra de Trives: 15.500,00€
- Concello de A Veiga: 9.500,00€
- Concello de Verín 27.000,00€
- Concello de Vilar de Barrio: 9.500,000€
- Concello de Sandiás: 9.500,00€
- Concello de Taboadela: 9.500,00€
- Concello de Celanova: 21.000,00€
- Concello de A Merca: 15.00,00€
- Concello de Lobeira: 9.500,00€
- Concello de Lobios: 15.500,00€
- Concello de Muíños: 9.500,00€

CUARTA.- A contratación do subministro precisa para a execución do proxecto da inversión por parte do concello representante da agrupación levarase a cabo coa suxeición das seguintes normas:

- a) *O prego de cláusulas económico administrativas que rexerá a contratación preverá a obrigatoriedade, por parte da empresa subministradora, de cede-lo dereito de uso das aplicacións, dispositivos e sistemas que constitúen o obxecto do contrato dós concellos que integran esta agrupación Ourense Oeste, a cal presenta un proxecto complementario do da Agrupación Ourense Este. A devandita cesión realizarase a Agrupación Ourense Oeste baixo condición de reciprocidade coa Agrupación Ourense Este.*
- b) *O prego de cláusulas económico administrativas establecerá como criterios de adxudicación entre outros, a calidade e funcionalidade das aplicacións, dispositivos e sistemas e a súa adaptación ás necesidades da administración municipal, así como ás garantías de mantemento, asistencia técnica e servizo postventa que se ofrezan para os licitadores.*
- c) *O Prego de prescricións técnicas detallará ós procedementos administrativos para ós que se adquirirá o soporte software obxecto do subministro, partindo da relación orientativa anexa o presente convenio.*
- d) *En todo caso, a aprobación dós pregos de cláusulas económico administrativas y de prescricións técnicas por parte do concello representante esixirá a previa emisión do informe favorable sobre o proxecto de pregos emitido pola Comisión de Seguimento o que fai referencia a cláusula quinta.*

QUINTA.- Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, así como para a resolución das controversias que poidan xurdir na interpretación das súas cláusulas, crease unha Comisión de seguimento integrada por un representante de cada unha das partes.

SEXTA.- O presente convenio ten carácter administrativo, quedando ás partes suxeitas a xurisdicción contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

E para que conste, firmase o presente convenio, no lugar e data indicados”.

“ANEXO I: Relación orientativa de materias ás que se referirán ós procedementos administrativos básicos para súa tramitación electrónica:

. Solicitudes e Licenzas en xeral, tales como:

- 1.Solicitud Tarxeta Aparcamiento minusválidos.*
- 2.Solicitud Licenza de Vada.*
- 3. Solicitud das axudas persoais*
- 4.Solicitud de axudas por sepelios.*
- 5.Licenza espectáculos públicos.*
- 6.Licenza para a venda de bebidas alcohólicas.*
- 7.Solicitud de Permisos de queima*
- 8.Solicitud de permiso de tala.*
- 9.Solicitud de permiso de poda.*
- 10.10. Rexistro de animais perigosos*
- 11.Inscripción en actividades de ocio.*
- 12.Reserva de prazas en albergues.*
- 13.Reserva de prazas en Garderías.*
- 14.Reserva de prazas en Conservatorio.*
- 15. Matrimonio Civil.*
- 16. Tramitación da Lei de Dependencia.*
- 17.17. Cobro de colaboracións.*

^Patrimonio.

Patrimonio,

- 3. Adquisición gratuita de bens e dereitos.*
- 4. Cesión Gratuita de bens.*
- 5. Enaxenación de bens inmóbles.*
- 6. Enaxenación de bens inmóbles.*
- 7. Expropiación forzosa (procedemento ordinario e urxente).*
- 8. Permuta.*
- 9.Arrendamento.*

^Contratación

- 3. Contratación Menor de Obras.*
- 4. Contratación Menor de servizos.*
- 5. Contrato menor de subministro.*
- 6. Procedemento Negociado Contrato de obra.*
- 7. Procedemento Negociado para a contratación de subministro.*
- 8. Procedemento Negociado para a contratación de servizos.*

^Persoal.

- 3. Nomeamento provisional de funcionarios de administración local con habilitación estatal.*
- 4. Recoñecemento de Compatilidades.*
- 5. Gratificación por servizos extraordinarios.*
- 6.Indemnización por gastos de viaxe.*
- 7. Indemnización por Dietas.*
- 8.Indemnización por asistencias.*
- 9- Licenzas por Matrimonio.*
- 10. Licenzas por Estudos.*
- 11. Licenzas por Maternidade/ Paternidade.*
- 12. licenzas por Asuntos Propios.*
- 13. Xubilación.*
- 14. Excedencia por Cargo Representativo.*
- 15. Excedencia por Interese Particular.*
- 16. Excedencia Persoal Laboral.*

^Orzamento e Xestión Tributaria.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

3. Pagos de Impostos.
4. Pago de Taxas.
- 5 Débedas Tributarias.
4. Pago de Taxas.
5. Débedas Tributarias.
6. Devolución de Ingresos Indevidos.
- 7-Liquidación Tributaria.
8. Mantemento Catastral.
9. Padróns Fiscais.
- 10- Revisión Catastral.
9. Procedemento de concesión de subvencións”.

2º) Delegar no Concello de Verín o exercizo, no nome deste concello, das competencias para a presentación do proxecto ante o Ministerio de Política Territorial, para a súa financiación con cargo o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local, fixadas no convenio o que se refire o apartado 1º deste acordo.

3º) Aprobar o proxecto denominado “ Xestión electrónica dun catálogo de procedementos básicos”, de acordo a memoria descritiva elaborada polo Servizo de Informática e Novas Tecnoloxías da Deputación Provincial de Ourense, polo importe seguinte:

- Importe total sen IVE 143.103,45€
 - Importe total con IVE 166.000,00€
 - Importe correspondente o Concello de Lobios sen IVE 13.362.069€
 - Importe correspondente o Concello de Lobios con IVE 15.500,00€
- En Lobios a 21 de xaneiro de 2009.”

O Sr. Alcalde sinala que a devandita proposta fai referencia a un convenio presentado pola Deputación de Ourense no que s dispón da dós fondos relativos o Plan “E” para destinalos a Administración Electrónica, o que permite que o Concello se actualice nesta vía co valor engadido de que o facerse con varios concellos se abaratan ós custes, continúa dicindo que a determinación do custe se reparte en función da poboación e que na nosa agrupación establececese o concello de Verín como cabeceira tamén por un criterio poboacional.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, sinala que vai a realizar unha reflexión relativa a situación de Lobios e a realidade coa que se atopan nos concellos, nos que cada vez se lle poñen máis esixencias ós concellos, o que implica un maior gasto, e, así mesmo o nivel de ingresos e menor, e en Lobios esto é máis visible en parte polo embalse, polo que, aínda que non se opoñen o acordo quere reiterar que cando se obriga aos concellos a facer algo deben poñer o diñeiro para facelo e non roubalo do fondo estatal, solicita que conste en acta a situación sangrante na que se encontra Galicia e de xeito maior o concello de Lobios debido ao embalse.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que está de acordo co sinalado polo Sr. Fernández Simo, xa que na comarca hai unha carencia de inversións moi importantes por parte de tódolos organismos.

Tras unha pequena deliberación, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por unanimidade dós membros presentes, co seguinte resultado.

VOTOS A FAVOR: Sres/as Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullón, Nora González Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo e Carballo Suárez (oito votos a favor)

ABSTENCIÓNS: Sres/as Vázquez Vázquez, Estévez González y Veloso González (pola non asistencia) (tras abstencións).

PUNTO CARTO: FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE: APROBACION DOS PROXECTOS A FINANCIAR CON CARGO A ESTE FONDO.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que a proposta de Alcaldía (que se recolle a continuación) foi entregada no Pleno:

“PROPOSTA DE ALCALDIA:

Visto o Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de octubre, polo que se crea o Fondo Estatal para o Empleo e la Sostenibilidade Local; que en su artículo 1 regula o obxecto e nos artigos 2 e 9 as obras financiáveis, xunto cos seus artigos correlativos da Resolución de 2 de novembro de 2009.

Visto o artigo 3 do Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de octubre que establece os criterios de reparto do Fondo Estatal para o Empleo e a Sostenibilidade Local, en relación coa tabla feita pública polo Ministerio de Política Territorial a través da páxina www.mpt.es, ao municipio de Lobios lle corresponde unha financiación máxima por importe de 244.106,00.

Vista a Resolución de 2 de novembro do 2009, da Secretaria do Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes e as condicións para a tramitación dos recursos librados con cargo ao Fondo Estatal para o Empleo e la Sostenibilidade Local.

Visto asimesmo, que a Plataforma “ Arcadia”, do FEIL 2010, esixe o incorporar no acordo da disponibilidad dos terreos.

Visto todo o anterior proponse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMERO. Solicitar, cos requisitos establecidos no Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro e a Resolución de 2 de novembro de 2009, a inclusión no Fondo Estatal para o Empleo e a Sostenibilidade Local, das seguintes obras e suministros:

Denominación	“MELLORA DE ACCESIBILIDADE E DE APARCAMENTO DISUASORIO PARA VEHICULOS ENERXETICAMENTE EFICIENTES”.	
Presupuesto	sin IVA: 81.717,68 €	con IVA: 94.792,51 €
Denominación	“REDACCION DO PROXECTO DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE E DE APARCAMENTO DISUASORIO PARA VEHICULOS ENERXETICAMENTE EFICIENTES”.	
Presupuesto	sin IVA: 2.403,46	con IVA: 2.788,01 €
Denominación	“HONORARIOS DIRECCION DE OBRA DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE E DE APARCAMENTO DISUASORIO PARA VEHICULOS ENERXETICAMENTE EFICIENTES”.	
Presupuesto	sin IVA: 2.078,58	con IVA: 2.421,60 €
Fecha prevista adjudicación	1ª quincena mayo 2010	
Previsión de personas a ocupar	6 personas.	

Denominación	“CONSTRUCCION DUN EDIFICIO MULTIUSOS DE CARÁCTER SOCIAL EN GROU”.	
Presupuesto	sin IVA: 43.101,80 €	con IVA: 49.998,09 €
Denominación	“REDACCION DO PROXECTO DE CONSTRUCCION DUN EDIFICIO MULTIUSOS DE CARÁCTER SOCIAL EN GROU”.	
Presupuesto	sin IVA: 2.394,14	con IVA: 2.777,20 €
Denominación	“HONORARIOS DIRECCION DE OBRA DE CONSTRUCCION DUN EDIFICIO MULTIUSOS DE CARÁCTER SOCIAL EN GROU”.	
Presupuesto	sin IVA: 1.908,78	con IVA: 2.214,18 €
Fecha prevista adjudicación	2ª quincena marzo 2010	
Previsión de personas a ocupar	5 personas.	

Denominación	“CONSTRUCCION DUN EDIFICIO MULTIUSOS DE CARÁCTER SOCIAL EN A DEVESA”.	
Presupuesto	sin IVA: 43.103,44 €	con IVA: 49.999,99 €
Denominación	“REDACCION DO PROXECTO DE CONSTRUCCION DUN EDIFICIO MULTIUSOS DE	



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

	<i>CARÁCTER SOCIAL EN A DEVESA</i> ".	
Presupuesto	<i>sin IVA:</i> 2.394,23	<i>con IVA:</i> 2.777,31 €
Denominación	<i>"HONORARIOS DIRECCION DE OBRA DE CONSTRUCCION DUN EDIFICIO MULTIUSOS DE CARÁCTER SOCIAL EN A DEVESA"</i> .	
Presupuesto	<i>sin IVA:</i> 1.908,87	<i>con IVA:</i> 2.214,29 €
Fecha prevista adjudicación	2ª quincena marzo 2010	
Previsión de personas a ocupar	5 personas.	

Denominación	<i>"VIDEOS PROMOCIONAIS E MARKETING ON LINE DE LOBIOS"</i> .	
Presupuesto	<i>sin IVA:</i> 1.000 €	<i>con IVA:</i> 1.160,00 €
Fecha prevista adjudicación	2ª quincena marzo de 2010	
Previsión de personas a ocupar		
Denominación	<i>"MODERNIZACIÓN DA RED DE DATOS DO CONCELLO DE LOBIOS"</i> .	
Presupuesto	<i>sin IVA:</i> 6.034,48 €	<i>con IVA:</i> 7.000,00 €
Fecha prevista adjudicación	2ª quincena marzo de 2010	
Previsión de personas a ocupar		

Denominación	<i>"SUMINISTRO DE MOBILIARIO E EQUIPAMIENTO PARA EDIFICIO MULTIUSO DE CARÁCTER SOCIAL DE A DEVESA NO CONCELLO DE LOBIOS(OBRA INCLUIDA NO FEIL 2010)"</i> .	
Presupuesto	<i>sin IVA:</i> 9.019,66 €	<i>con IVA:</i> 10.462,81 €
Fecha prevista adjudicación	2ª quincena marzo de 2010	
Previsión de personas a ocupar		

Segundo.- Declarar ter a disposición todos os terreos para a realización de ditas obras

Tercero.- Remitir o certificado do presente acordo na forma contemplada no artigo terceiro da Resolución de 2 de novembro de 2009, da Secretaría do Estado de Cooperación Territorial, aos efectos da sua autorización pola Delegación do Goberno.

Lobios, 29 de enero de 2010"

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que a elección das obras non e fácil xa que neste novo plan "E" se limitan mais as obras, xa que os tipos de proxectos que se admiten son moi reducidos polo que os proxectos que se presentan consisten en tres proxectos grandes que son a urbanización para aparcamentos da zona do polideportivo e das piscinas e a construción de dous centros sociais en A Devesa e Grou, incluíndo nos tres a dirección de obra e a redacción do proxecto, tamen se presenta outro proxecto para a promoción da comarca de varios concellos, para a difusión de vídeos promocionais, e outro importe vai destinado a mellora dos equipos do Concello coa compra dun novo servidor e ordenadores e por ultimo o mobiliario do centro social da Devesa.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, sinala que antes de facer referencia aos proxectos quere facer referencia a realidade económica que ten o concello o que fai que se teña que negociar con outras administracións das que non se reciben apoio, continua dicindo que no concello se tivo a oportunidade de

realizarse proxectos e infraestructuras en servizos sociais e debido a mestura de vontades persoais houbo un retraso coa Xunta anterior e a Xunta actual non da oportunidades de inversión, polo que grazas as loitas internas votáronse abaixo realidades, insiste neste área porque no concello o 40% da poboación ten unha idade superior aos 65 anos, en 10-15 anos a maioría da poboación será dependente, e esta é a realidade, e hai que pensar nelo, no concello faise un gran traballo polas persoas de servizos sociais, pero debe continuarse con este traballo deixando a un lado o pasado e incluíndo no “plan E” dous locais sociais, un en Grou e outro en Riocaldo polo que se leva loitando 30 anos, o que permitira cubrir en certo modo, pero non suficientemente, as carencias que hai no concello, continua dicindo que espera que no futuro se poidan facer máis centros sociais noutras parroquias que o necesitan e que se poidan equipar os locais, xa que a realidade é que a poboación en poucos anos será dependente, por elo o “plan E” vai nese camiño, por último fai un chamamento das subvencións perdidas indicando que se debe deixar traballar aos técnicos

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que a exposición realizada polo Sr. Simo é un discurso político e pregunta si coa perda de proxectos se refire ao centro social de Grou para o que tiveron 4 anos para facelo tendo a maioría absoluta e no que o PP non se opuxo.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo responde que en decembro de 2007 se trouxo unha galescola e tamén se trouxo a inversión do centro de día comarcal que non se aprobaron, indicando que non acusa ao PP pero pide que non se repitan os erros do pasado.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que estes temas non son os que se están tratando no pleno, continua dicindo que no “plan E” o 50% da subvención se destinan a fins sociais.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado indica que no pleno de 26 de xaneiro de 2009 cando se aprobou o embarcadeiro falouse de facer unha comisión, e pregunta por que non se fixo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde que non ten ese acta diante, pero que este plan é distinto ao plan do ano 2009 xa que neste plan se limitan as inversións e foi difícil saber que inversións se podían meter e cales non por iso se presentan os proxectos tendo un límite de prazo que termina o día 4 e se fixeron grandes esforzos para poder meter as inversións necesarias e non perder a cantidade subvencionada.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado e indica que eso mesmo se respondeu o ano pasado polo que se senten enganados e pregunta se haberá problemas co primeiro proxecto.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde que este proxecto ten as mesmas condicións que outro proxecto presentado por outro concello e que xa se aprobou.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado e pregunta se na parroquia de Grou hai algún centro social.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo e indica que esta de acordo en que ten que haber comisións.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde que a idea das comisións é boa, pero que deben presentarse propostas xa que todas as propostas foron analizadas e estudadas e se tiveron en conta e así se incluíron as propostas presentadas polo grupo BNG e pola Deputación.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo e indica que na parroquia de Grou hai unha sala equipada que é dos veciños e por parte desta parroquia, que ten unha poboación grande, se solicitou un local social e se cederon os terreos para a súa construción.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado e indica que a ubicación do centro social de Riocaldo non lles parece o máis axeitado.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde que se lle pediu un terreo a comunidade de montes pero non o deron, e revisando os terreos co arquitecto o único terreo dispoñible era o que se utilizou.

Tras unha deliberación, sometida esta proposta a votación, resulto aprobada pola maioría absoluta dos membros presentes, co seguinte resultado:



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullón, Nora González, Fernández Simo, y Carballo Suárez (seis votos a favor).

ABSTENCIONES: Sres/as. Yáñez Salgado, González González, y Vázquez Vázquez, Estévez González y Veloso González (estos tres por la no asistencia) (cinco abstenciones).

PUNTO QUINTO: DECRETOS DOS MESES DE OUTUBRO E NOVEMBRO DO 2009.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta ós concelleiros se queren facer algunha observación respecto a esta dación en conta.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado e solicita que se lles de información sobre o decreto do 27 de outubro de 2009.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que en base ao artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro **se inclúe por urxencia** o recoñecemento extraxudicial nº 1/10 no que se recoñecen a débeda existente co BUFETE GONZALO ABOGADOS xa que se presentou unha reclamación por vía xudicial e non habería tempo para deixalo para o próximo Pleno.

Sometida a votación a urxencia, resultou aprobada por maioría absoluta dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullon, Nora González, Yáñez Salgado e González González. (seis votos a favor)

VOTOS EN CONTRA: Sres./as Fernández Simo e Carballo Suárez (dous votos en contra)

ABSTENCIONS: Sres/as. Vázquez Vázquez, Estévez González e Veloso González (por a non asistencia) (tres abstencions).

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que a proposta de Alcaldía (que se recolle a continuación) foi entregada no Pleno:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os procedimentos presentados no Concello relativos a o Recurso Contencioso-Administrativo interposto polo Letrado D. Javier Gonzalo Miguelañez contra o Concello de Lobios sobre a xura de contas recurso ord. 101/04 CA.- 1 pola suma de 900 euros en concepto Honorarios devengados no Recurso Num 101/04 ante o Xulgado do Contencioso num. 1 de Ourense a Instancias de Unión Fenosa contra a liquidación do IBI do ano 2003, e o procedimento monitorio num. 0000013/2010 presentado polo Bufete Gonzalo Corporaciones y Entidades Publicas contra o Concello de Lobios para ao pago das minutas nº 66/2003 de data 04/03/03 por importe de 382,80 euros e a factura C8041 de data 28/01/08 por importe de 591,60.

Visto que por parte de Intervención, non foi posible realizar o preceptivo Informe de Reparos, debido ao breve prazo de tempo para proceder a súa realizacion e a non existencia dun expediente, indicando por tanto que non se ten coñecemento do informe de fiscalización previa nin da demais documentacion.

Vistos os prazos que se establecen en ditos procedementos.

E visto tamén que no orzamento do exercicio 2010, prorrogado 2009, existe crédito axeitado e suficiente na partida 12.227 e que, debido ao Programa de Contabilidade, dita partida se modifica conforme a Nova Instrucción de Contabilidade.

Proponse a adopción do seguinte acordo,

1º) Que se proceda ao levantamento do reparo, de conformidade co art. 217 do TRLRFL.

2º) Que se aprobe o recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe total de mil oitocentos setenta e catro euros e corenta centimos (1.874,40 €), co seguinte detalle:

PROVEEDOR	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
BUFETE GONZALO ABOGADOS	Minuta nº N8/05 Honorarios devengados no recurso num. 1 de Ourense a Instancias de Unión Fenosa, contra a liquidación do IBI do ano 2003	12.227 (Ou equivalente coa nova Instrucción)	900 €
BUFETE GONZALO ABOGADOS	Minuta nº 66/2003 Modelos varias Ordenanzas	12.227 (Ou equivalente coa nova Instrucción)	382,80 €
BUFETE GONZALO ABOGADOS	Factura nº C8041 Honorarios Xurídicos por Asesoramiento nos Traballos das ponencias especiais de Valores do IBI BICES de 2008	12.227 (Ou equivalente coa nova Instrucción)	591,60 €

3º) Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xenere.

4º) Que os documentos de recoñecemento da obrigación se pasen os servicios de tesourería para que se abonen no prazo mais breve posible.

En Lobios, a 30 de xaneiro de 2010.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que se puxo en contacto co bufete de avogados para coñecer a situación desta reclamación e se lle indicou que se trataba dun traballo realizado cos municipios con embalses, tamen faláron da situación do embalse de Lindoso conseguindo un contacto con outro concello de Zamora que tamen esta na mesma situación que Lobios.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, indica a negativa a aprobar este acordo xa que se teñen moitas débedas con empresas da zona que non se trouxeron a un pleno e non se debe admitir estas facturas porque se leven por vía xudicial, ademais indica que existen facturas atrasadas da súa lexislatura que deben incluírse antes que as debidas da lexislación anterior.

Tras unha deliberación, sometida esta proposta a votación, resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Rodríguez Broullon, Nora González, Yáñez Salgado e González González. (seis votos a favor)

VOTOS EN CONTRA: Sres./as Fernández Simo e Carballo Suárez (dous votos en contra)

ABSTENCIONS: Sres/as. Vázquez Vázquez, Estévez González e Veloso González (por a non asistencia) (tres abstencions).



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

PUNTO SEXTO: MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS PRESENTADAS NO REXISTRO MUNICIPAL.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que non se presentaron Mocions por parte dos Grupos

PUNTO SETIMO: ROGOS E PREGUNTAS.

1.- Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Gonzalez Gonzalez, pregunta sobre a obra de Lobios que estaba pendente do informe técnico do arquitecto.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e responde que existe un informe do arquitecto e un contrainforme que se esta contestando polo que o asunto ainda non esta pechado.

Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Gonzalez Gonzalez solicita unha copia dos informes.

2.- Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado e pregunta que sucedeu en Cudeiras.

Toma a palabra o concelleiro do Grupo Político Municipal do PSG – PSOE, Sr. Paz León e responde que houbo un derribo que se sinalizou, se cortou o auga e se comprobou que non había ameaza de perigo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e responde que se vai a acudir a Deputación para ver se pode axudar no arranxo do derribo.

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernandez Permuy